



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2022 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares nos centros sostidos con fondos públicos, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 11 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **UN alumno/a**.
2. Son electores todos os alumnos/as de Educación Secundaria Obrigatoria matriculados no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día 10 de novembro estará exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 14 de novembro.
3. Son elixibles os alumnos/as de Educación Secundaria Obrigatoria matriculados/as no Centro, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Administración do Centro. **As candidaturas poderanse presentar ata as 14'00 horas do día 16 de novembro.**
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os alumnos/as da Educación Secundaria Obrigatoria, o día 21 de novembro, ás 13:00 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e dous alumnos/as, actuando de secretario/a o de menor idade.
5. A **campaña electoral comprenderá dende o 17 ao 27 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Centro.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos/as que sexan propostos por cada unha das asociacións de alumnos/as no centro ou avalados cando menos pola sinatura de 10 electores.
7. As **votacións** realizaranse neste Centro Público o **día 29 de novembro, de 12:45 a 14:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 12:40 horas.
8. Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **un nome** dos candidatos presentados. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo
9. Teñen dereito ao voto os alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria.
10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
11. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Coristanco, 3 de novembro de 2022

O DIRECTOR E PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Carlos Fernández Fernández

